



PRIMEIRA ACTA DA XUNTA ELECTORAL

Na cidade de A Coruña e sendo as 11:20 horas do día 8 de novembro de 2022, reúnense no despacho da dirección do I.E.S. Plurilingüe Adormideras, desta localidade, as persoas que máis abaixo se relacionan, nomeadas en virtude do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, que regula a constitución da Xunta Electoral responsable da organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar, ao obxecto de tratar os seguintes asuntos:

Primeiro.- O Director do Centro, D. Jose Manuel Tallos Caldeiro que baixo a súa presidencia se realiza a reunión, da lectura a todo os presentes dos artigos 30 e seguintes do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario.

Segundo.- Seguidamente, en virtude das disposicións antes mencionadas, procédese á constitución da *Xunta Electoral* do Centro, quedando a mesma estruturada da forma seguinte:

- *Presidente:* D. Jose Manuel Tallos Caldeiro (Director do Centro).
- *Vogais:*
 - D^a María Inés Sánchez Pereiro (Profesora)
 - D^a María José Rodríguez García (Nai)
 - D^a Yanira Jiménez Amaya (Alumna)
 - D^a María Laura Paz Mato (Persoal de administración e servizos)

Actúa como *Secretaria* a profesora, D^a Inés Sánchez Pereiro

Terceiro.- A Xunta Electoral, unha vez constituída e de acordo coa lexislación vixente, procede a aprobar a publicación das convocatorias dos distintos sectores de representación, así como a publicación dos seus correspondentes censos electorais, e establece o seguinte calendario electoral:

• **Día 8 de novembro:**

- Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesores e pais/nais.
- Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados.
- Envío de escritos ao Concello e a ANPA solicitándolles a designación dos seus representantes.

• **Día 22 de novembro** (Celebración da 2ª reunión da Xunta Electoral):

- Proclamación e posterior publicación de candidaturas por sectores de representación.
- Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións.
- Aprobación de modelo de papeletas e sobres dos distintos actos electorais.
- Sorteo público da designación dos membros das mesas electorais.

• **Día 25 de novembro:** Celebración das votacións de:

- Profesorado, das 11:20 h ás 11:45 horas.

• **Día 28 de novembro:** Celebración das votacións de:

- Pais, nais e titores legais do alumnado, das 12:00 h ás 14:00 horas e de 16:30 h ás 18:30 h.


• **Día 29 de novembro** (Celebración da 3ª e última reunión da Xunta Electoral):

- Proclamación de candidatos electos.
- Traslado ao xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade das copias de actas das votacións efectuadas.

E sen máis asuntos que tratar, o Director, como Presidente da Xunta Electoral, levanta a sesión ás 11:40 horas do día, mes e ano ao principio mencionado e que, como secretaria, dou fe.

Vº E PRACE:

O PRESIDENTE,



IES Plurilingüe Adormideras
Juan Sebastián Elcano, 28
15002 A Coruña

Asdo.: Jose Manuel Tallos Caldeiro

A SECRETARIA,



Asdo.: María Inés Sánchez Pereiro

OS VOGAIS,



Asdo.: María Inés Sánchez Pereiro



Asdo.: María José Rodríguez García



Asdo.: María Laura Paz Mato

Asdo.: Yanira Jiménez Amaya

